



XOGOS DEPORTIVOS GALEGOS EN IDADE ESCOLAR

NORMATIVA XERAL 2023/24

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. NORMATIVA XERAL.....	3
3. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA.....	3
4. ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR.....	4
4.1. MODALIDADES.....	4
4.2. INSCRICIÓNS.....	4
4.3. ORGANIZACIÓN.....	5
4.4. DOCUMENTACIÓN.....	5
4.5. SEGURO.....	5
4.6. PARTICIPANTES.....	6
4.7. IDADES DOS PARTICIPANTES.....	6
4.8. NORMAS.....	7
4.9. RÉXIME DISCIPLINARIO.....	7
5. ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA – SEGURO DEPORTIVO 6 - 16.....	7
5.1 INSCRICIÓN.....	8
6. COÑECE O MEU CLUB.....	9
6.1 EN QUE CONSISTE?.....	9
6.2 A QUEN VAI DIRIXIDO?.....	9
6.3 COMO FACER A SOLICITUDE?.....	9
6.4 CONDICIÓNS DO CLUB.....	9
6.5 POSTA EN PRÁCTICA.....	9
7. PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA - PVAD.....	10
7.1 INSCRICIÓN.....	10
8. XOGANDO COA AUGA E CO VENTO.....	10
8.1 INSCRICIÓN.....	11
9. XOGOS TRADICIONAIS E POPULARES.....	11
9.1 CRITERIOS DE VALIDACIÓN.....	11
9.2 INSCRICIÓN.....	11
10. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN.....	11



O programa **XOGADE** está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas escolares e federacións deportivas galegas.

1. INTRODUCCIÓN

O programa Xogade, nado na tempada 2009-2010 con dúas actividades, segue crescendo ano a ano co obxectivo de promover e fomentar a práctica de actividade física na poboación escolar galega ao abeiro do Plan Galicia Saudable da Xunta de Galicia.

Para a posta en marcha deste programa e ao amparo das competencias das administracións públicas galegas en materia deportiva da Lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte establece, contra o seu orzamento, para o mellor exercicio destas competencias, segundo o artigo 6, Título II desta lei a firma dun convenio anual con cada unha das federacións deportivas galegas e as agrupacións deportivas escolares; así coma unha convocatoria de subvencións para os clubs deportivos.

Así mesmo, facilita un seguro deportivo a todos os escolares inscritos en actividades de Xogade e para os deportistas de 6 a 16 anos das federacións que decidan adherirse a esta póliza. Esta é unha medida fundamental para apoiar, sólida e eficazmente, o deporte de base, dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables.

Coa finalidade de minimizar a problemática que supón a xeografía galega de cara á accesibilidade á actividade deportiva, a Secretaría Xeral para o Deporte inviste na contratación dun servizo de transporte que garante a todos os escolares o acceso á actividade deportiva en todas as súas modalidades, sempre que os servizos de deportes o outorguen segundo a dispoñibilidade e os servizos contratados.

Toda a información sobre este programa estará accesible desde a páxina <https://deporte.xunta.gal> da Secretaría Xeral para o Deporte e na do propio programa <https://xogade.xunta.gal>. As tramitacións faranse na web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>.

2. NORMATIVA XERAL

A Secretaría Xeral para o Deporte, coa colaboración das Agrupacións Deportivas Escolares e das Federacións Galegas, convoca o programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar para o curso 2023/2024. O programa dará comezo coa sinatura da resolución da convocatoria do programa XOGADE.

3. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

Comezaremos o curso coas seguintes actuacións:

ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR

ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - SEGURO DEPORTIVO 6-16

COÑECE O MEU CLUB

PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

XOGANDO COA AUGA E CO VENTO

XOGOS TRADICIONAIS E POPULARES

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN

Poderán incorporarse novas actuacións e programas piloto ao longo do ano se xurdise a posibilidade. Serán sempre valoradas pola Secretaría Xeral e polos servizos de deportes.



O programa **XOGADE** está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas escolares e federacións deportivas galegas.

4. ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR

O espírito desta actuación é que todas as persoas poidan participar polo que se adoptarán as medidas necesarias para facilitar a participación das persoas con diversidade funcional.

4.1. MODALIDADES

Atletismo en pista	Multixogo 6-8**
Bádminton	Natación
Baloncesto	Orientación
Balonmán	Patinaxe Artística
Cros	Tenis de mesa
Dúatlon	Voleibol e Voleibol sentado
Encontros Multideportivos*	Xadrez
Fútbol sala	Xogando co atletismo

* Encontros Multideportivos. Son convivencias nos que varias entidades se xuntan para practicar nunha mesma xornada máis dunha modalidade deportiva. A Agrupación Deportiva Escolar pedirá xerar os equipos ao Servizo Provincial utilizando o formulario que teñen á súa disposición na aplicación de inscricións de Xogade.

**Multixogo 6-8. Os servizos de deportes, autorizarán a organización de xornadas multidisciplinares para nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria ás que toda entidade interesada se poderá apuntar. Ditas actividades levaranse a cabo entre os meses de xaneiro e maio. Cada organizador adaptará os contidos e actividades segundo as posibilidades e intereses do seu contorno, mantendo sempre o carácter práctico, lúdico e predeportivo destas actividades. Esta proposta busca achegar experiencias de práctica de actividade física sen ningún tipo de condicionamento cara a unha disciplina concreta. Unha vivencia do movemento que, lonxe dos modelos de especialización, amplíe a súa experiencia motriz e o gusto pola actividade e o movemento.

Ademais das competicións das modalidades arriba sinaladas, haberá competición inclusiva por equipos en Bádminton, Natación, Orientación e Tenis de Mesa.

Engadimos este ano a modalidade de Voleibol sentado.

4.2. INSCRICIÓN

Poderán inscribirse neste programa, os centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas, asociacións, etc., que o desexen, pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

A inscrición realizarase a través da páxina <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>.

O responsable da entidade solicitará o rexistro a través da web para inscribir equipos e deportistas.

As inscricións de entidades están permanentemente abertas pero para poder participar haberá que ter creados os equipos antes do comezo da competición, no prazo que determine cada Agrupación Deportiva Escolar.

4.3. ORGANIZACIÓN

A Secretaría Xeral para o Deporte, a través dos servizos de deportes, organizará a actividade correspondente a cada unha das modalidades en función do número de inscritos, adaptándose en cada provincia ás necesidades e posibilidades organizativas de cada servizo.

Para a organización desta actividade contarán coa colaboración das agrupacións deportivas escolares podendo tamén contar cos clubs, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada que dende a Secretaría Xeral e os servizos de deportes se estime conveniente.

Para a participación nesta actividade a Secretaría Xeral para o Deporte proverá a todos os escolares inscritos dun seguro de accidente deportivo gratuíto. Así mesmo facilitará un servizo de transporte gratuíto, previa solicitude da entidade participante, nos casos en que o servizo correspondente o estime posible dentro das limitacións da contratación e aplicando os criterios de máximo aproveitamento dos recursos.

Os calendarios da actividade semanal de cada provincia poderán visualizarse na páxina <https://xogade.xunta.gal>

A participación na actividade deportiva escolar será **TOTALMENTE DE BALDE**, por tanto non poderá estar suxeita a ningunha cota de inscrición ou similar.

4.4. DOCUMENTACIÓN

Cada entidade deberá cubrir os seguintes datos no programa:

- Datos completos da entidade.
- Datos completos de responsables.
- Datos completos de deportistas na modalidade deportiva escollida.

O/a responsable garantirá que os datos de cada participante corresponden á realidade e indicará estar en posesión das autorizacións dos pais/nais/titores legais para a subida de datos ao programa XOGADE. Agradecemos, para evitar duplicados, que se inscriba aos deportistas co DNI sempre que sexa posible e co nome e apelidos oficiais.

Unha vez formalizada a inscrición dos participantes no programa XOGADE, deberán imprimir e repartir os carnés de cada deportista, xa que teñen a información do seguro na parte traseira. O carné de deportista será de carácter opcional nas fases previas, pero obrigatorio a partir das fases provinciais no caso de habelas. Poderá ser substituído polo DNI.

Nas modalidades deportivas de fútbol sala, baloncesto, balonmán e voleibol dito carné será obrigatorio dende a primeira fase ou xornada.

4.5. SEGURO

Todas as persoas participantes inscritas na Actividade Deportiva Escolar serán dadas de alta nun seguro de accidentes deportivos. Este cubrirá a asistencia nos centros concertados (consultar na póliza excepcións para acudir a centros non concertados) ante aqueles accidentes e/ou lesións debidos á práctica de actividade deportiva producidos durante os adestramentos e competicións do programa Xogade, dende o inicio do programa ata o 31 de maio. Excepcionalmente, e con autorización do servizo de deportes, poderá estenderse a cobertura ao calendario da actividade lectiva escolar. Os deportistas asegurados deberán ter entre 6 e 16 anos cumpridos (o día que cumpran os 17 anos perden esta cobertura).

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na páxina <http://xogade.xunta.gal> e <https://inscripcion-xogade.xunta.gal> : póliza, protocolo de actuación, etc.

A póliza e o protocolo de actuación tamén están colgados na portada da aplicación de Xogade para que se poida acceder á información sen claves.

É **importantísimo** que os participantes e as súas familias coñezan e cumpran o protocolo de actuación para evitar que a aseguradora denegue a asistencia por incumprimento do mesmo.

4.6. PARTICIPANTES

Cada participante terá que xogar na categoría que lle corresponda pola súa idade, agás naqueles deportes nos que as normas técnicas especifiquen outras idades. Esta norma flexibilizarase no caso de deportistas con discapacidade. Só se pode participar nun equipo na mesma modalidade deportiva. Poderase autorizar o cambio de equipo por causas xustificadas, coma o cambio de domicilio familiar ou a desaparición do equipo.

Categoría benxamín: a participación será prioritariamente mixta.

Categoría alevín: os equipos poderán ser femininos, masculinos e mixtos, agás en atletismo en pista, bádminton, cros e dúatlon, nos que as categorías serán feminina e masculina. En xadrez será só mixta.

Categoría infantil: a participación, en xeral, será feminina e masculina. No xadrez será mixta. Como excepción, poderase autorizar a participación nun equipo de xénero distinto ao propio, previa solicitude no servizo de deportes e coa autorización de responsable legal.

Categoría cadete: haberá participación nesta categoría nas modalidades de bádminton, baloncesto, cros, dúatlon, fútbol sala, orientación, tenis de mesa, voleibol e xadrez. A competición será feminina e masculina, salvo a modalidade de xadrez que será mixta. Excepcionalmente poderá autorizarse a participación nun equipo de xénero distinto ao propio mediante o procedemento explicado xa na categoría infantil.

Se un equipo ou deportista se clasifica ou selecciona para a seguinte fase e non puidese asistir, deberá xustificalo ante a Secretaría Xeral para o Deporte. Neste caso, substituirase pola persoa que ocupe o seguinte posto. Os servizos de deportes poderán establecer particularidades a este respecto previa comunicación a través das normativas correspondentes a cada fase.

4.7. IDADES DOS PARTICIPANTES

Con carácter xeral establécense as seguintes categorías para a actividade deportiva.

BENXAMÍN: 2015-2014.

INFANTIL: 2011-2010.

ALEVÍN: 2013-2012.

CADETE: 2009-2008.

As modalidades que se rexen por estas idades son: BÁDMINTON, BALONCESTO, BALONMÁN, FÚTBOL SALA, TENIS DE MESA e XADREZ.

As que se rexen por idades distintas están reflectidas na seguinte táboa:

MODALIDADES ACT. DEP. ESCOLAR	BENXAMÍN	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
Atletismo en Pista	2016-2015	2014-2013	2012-2011	-
Cros e Dúatlon	2016-2015	2014-2013	2012-2011	20010-2009
Xogando co Atletismo	2016-2015	2014-2013	-	-
Natación	2015-2014	2013-2012	-	-
Orientación	-	-	2011-2010	2009-2008
Patinaxe Artística	2016-2015-2014-2013-2012		2011-2010-2009-2008	
Voleibol e Voleibol sentado	2016-2015-2014	2013-2012	2011-2010	2009-2008
Encontros Multideportivos	2016-2015-2014-2013-2012-2011-2010-2009-2008			



O programa **XOGADE** está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas escolares e federacións deportivas galegas.

A actividade deportiva constará de tres fases: local ou comarcal, intercomarcal (se procede) e provincial. Na modalidade de cros realizarase, a continuación, unha fase autonómica.

4.8. NORMAS

Os regulamentos específicos serán publicados na aplicación de inscricións. Debemos lembrar que a filosofía do deporte escolar debe ser inclusiva e igualitaria, primando a participación e a convivencia polo que se deberán introducir ferramentas que garantan a máxima participación do xeito máis equitativo posible.

4.9. RÉXIME DISCIPLINARIO

No caso de considerarse necesario o servizo de deportes creará unha comisión disciplinaria que escoitadas as partes implicadas tomará as medidas oportunas por parte de dito servizo.

5. ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA – SEGURO DEPORTIVO 6 - 16

As federacións galegas, no cumprimento das súas funcións de promoción das súas modalidades deportivas así como da organización de competicións oficiais autonómicas, establecidas no artigo 56, sección 3º, CAP II de entidades deportivas da Lei 3/2012 de 2 de abril, organizarán a competición deportiva federada en idade escolar, tendo sempre en conta a obriga de cumprimento establecida para estas entidades no convenio anual coa Secretaría Xeral para o Deporte.

Para a participación nesta actividade a Xunta de Galicia proporciona un seguro deportivo gratuíto para todos os deportistas federados, de 6 a 16 anos. Esta é unha medida fundamental para apoiar, sólida e eficazmente, o deporte de base, dentro do compromiso da Xunta de Galicia pola promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables.

Todas as federacións deportivas galegas poderán adherirse á póliza de accidentes deportivos da Secretaría Xeral para o Deporte, para os seus deportistas de 6 a 16 anos. O custo deste seguro obrigatorio será asumido pola Secretaría Xeral para o Deporte e, polo tanto, debe verse reflectido no custo das licenzas deportivas destes deportistas e deberá constar nas mesmas.

Serán as federacións deportivas galegas as que dean de alta na aplicación de inscricións de Xogade a cada deportista no momento de tramitar a licenza federativa.

Os clubs deberán solicitar rexistro na aplicación de Xogade e unha vez dentro solicitar a federación correspondente ver os datos dos seus inscritos. Poderán xerar os carnés (coa información do seguro na parte traseira) e certificar os accidentes.

A póliza e o protocolo de actuación tamén están colgados na portada da aplicación de Xogade para que se poida acceder á información sen claves (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>).

É **importantísimo** que todos os técnicos, participantes e as súas familias coñezan o protocolo de actuación en caso de accidente.

5.1 INSCRICIÓN

A través da federación galega correspondente, que realizará as altas na páxina do programa Xogade.

Os clubs deberán solicitar a cada federación na que teñan deportistas con licenza o acceso aos datos de deportistas federados a través da aplicación de inscricións.

As federacións adheridas a este seguro de accidente deportivo para a tempada 2023/24 son:

Deporte	Telf.	Correo electrónico
Atletismo	981291683	secretaria@atletismo.gal
Bádminton	630432524	cetdbadmintonaestrada@gmail.com
Baile Deportivo	600009398	fgbailedeportivo@gmail.com
Baloncesto	981585040	secretaria@fegaba.com
Balonmán	986410618	info@fgbalonman.com
Béisbol e Sófbol	981295491	info@fegabe.com
Birlos	986202541	boloscelta@yahoo.es
Boxeo	981925946	kickgalicia@hotmail.com
Ciclismo	986224158	federacion@fgalegaciclismo.es
Deporte Autóctono (modalidade deportiva Billarda)	659553543	billarda@billarda.gal
Esquí náutico	988243878	info@fgen.net
Fútbol	981900600	info@futgal.es
Halterofilia	981133254	federacion@halterofilia.org
Hípica	986213800	fhgallega@fhgallega.com
Hóckey	988231817	admin@fghockey.gal
Judo e A.D.	981133758	galiciajudo@fgjudo.com
Karate	981323705	administracion@federaciongallegakarate.com
Kickboxing	988225302	secretaria@fgkickboxing.com
Kung-fu	986203151	info@fgkungfu.org
Loita e D.A.	986247519	info@fegaloita.es
Montañismo (certas modalidades)	986208758	administracion@fedgalmon.gal
Motociclismo	986224549	info@fgmoto.org
Natación	981174377	info@fegan.org
Orientación	630437762	info@fegado.es
Pádel	981231537	administracion@fgpadel.com
Petanca	698123098	correo@fgpetanca.org
Piragüismo	986842106	kayak-canoa@fegapi.org
Remo	981264833	secretaria.fegar@gmail.com
Rugby	673192413	secretaria@rugby.gal
Salvamento e Socorrismo	981977120	fessga@fessga.es
Squash	986202501	info@fqsquash.org
Surf	986239095	info@fgsurf.org
Taekwondo	981130487	administracion@taekwondogalego.com
Tenis	986212982	info@fgtenis.net
Tenis de mesa	617388648	jlcabaleiro@hotmail.com
Triatlón e Péntatlon	982251345	fegatri@hotmail.com
Voleibol	981134453	correo@fgvb.es
Xadrez	986237945	fegaxa@fegaxa.org
Ximnasia	988238999	info@ximnasia.com

6. COÑECE O MEU CLUB

6.1 EN QUE CONSISTE?

Con este programa preténdese facilitar aos escolares o coñecemento dos recursos deportivos dispoñibles na súa poboación, ofrecéndolles así unha alternativa de ocupación para o seu tempo libre e fomentar a práctica da actividade física entre a poboación escolar. O obxectivo é poñer así en mans do noso alumnado a maior cantidade de recursos posibles, que axuden á consecución de hábitos de vida máis activos e saudables.

Os técnicos do club visitarán os centros escolares para facer unha presentación práctica e lúdica do seu deporte, tamén explicarán o funcionamento do club (localización, horarios de adestramento, competicións) e invitarán aos escolares a compartir un dos seus adestramentos. Crearase así un vínculo importante entre o centro escolar e o club da localidade.

O centro escolar deberá emitirlle un certificado por duplicado ao club que realice a actividade, unha vez finalizada esta, onde especifiquen os datos de realización da mesma. O modelo aparecerá no seu momento na convocatoria da subvención para entidades deportivas por actividade PR945A. Os centros poderán enviar unha valoración da actividade ao correo electrónico do coordinador de deporte escolar do servizo de deportes correspondente.

6.2 A QUEN VAI DIRIXIDO?

Ao colectivo escolar galego, como receptores da actividade e a todos os clubs deportivos que estean inscritos no Rexistro de Clubs da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.3 COMO FACER A SOLICITUDE?

O club rexistrarse na aplicación de Xogade <https://inscripcion-xogade.xunta.gal> . Cada tempada deberá confirmar a súa inscrición neste programa sinalando que área xeográfica está disposto a abarcar.

Os centros educativos consultarán que clubs están dispoñibles na súa zona e poranse en contacto con aqueles do seu interese para concertar a visita.

6.4 CONDICIÓN DO CLUB

Deberá estar rexistrado na federación deportiva correspondente na súa modalidade.

6.5 POSTA EN PRÁCTICA

FASE 1. Realización da solicitude por parte do club.

FASE 2. O centro escolar poderá ver na web os clubs solicitantes.

FASE 3. O centro escolar establecerá contacto cos clubs segundo os seus intereses.

FASE 4. Visita do club ao centro escolar en horario lectivo para presentar a súa modalidade.

FASE 5. (Optativa para o centro) Visita ás instalacións do club co alumnado interesado para coñecer e practicar esa modalidade. (O transporte, en caso de ser necesario, correrá a cargo do centro escolar).

FASE 6. Avaliación da actividade por parte do centro (opcional).



O programa **XOGADE** está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas escolares e federacións deportivas galegas.

7. PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA - PVAD

Xogade é unha ferramenta máis para comezar a traballar no centro educativo un Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD).

Pode ser, ademais, o eixo central dun proxecto de innovación educativa, se queremos participar no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro da actuación coordinada pola Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación do Deporte Galego, en relación ao Plan de Fomento de Actividade Física - Galicia Saudable.

Os Proxectos de Vida Activa e Deportiva buscan coordinar todos os esforzos da comunidade educativa para promover un estilo de vida activo e saudable dos escolares. Contempla tanto as actividades dentro e fóra do horario lectivo e dentro e fóra do centro escolar, tanto do departamento de EF como doutras materias e departamentos, así como ANPAS e clubs, concellos e outras entidades cos que o centro educativo mantén relación.

Dentro do Plan Proxecta, e para deseñar, executar e avaliar os PVAD, ofértanse distintas ferramentas opcionais (voluntarias) para axudar aos centros na confección e traballo dos seus proxectos de vida activa, como son:

Plataforma DAFIS (valoración da condición física en parámetros de saúde e ferramenta principal de avaliación do impacto do noso proxecto de vida activa na saúde dos escolares).

Programa **Máis e Mellor Actividade Física**, traballo compartido entre Ciencias Sociais e Ciencias Naturais con Educación Física.

Móvete + (actividades físicas con música).

Camiña/En bici á escola, promoción de hábitos de vida activa no camiño ao cole.

E o propio **Xogade**, cos seus diferentes programas.

En resumo, participar en Xogade, ter un Proxecto de Vida Activa e Deportiva no centro e participar nun Plan Proxecta de Innovación educativa son tres factores que suman pero son independentes entre si e poden darse por separado.

7.1 INSCRIPCIÓN

Para máis información consultar o enlace do Plan Proxecta <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19909>

8. XOGANDO COA AUGA E CO VENTO

Esta actividade nace para dar cabida a un conxunto de proxectos que se veñen desenvolvendo en diferentes puntos da nosa xeografía coa finalidade de acercar os escolares galegos a uns medios tan importantes para a nosa Comunidade Autónoma como son o MAR e os RÍOS.

O denominador común destes proxectos será o emprego da auga no medio natural como instrumento de xogo para traballar cos escolares.



O programa **XOGADE** está organizado pola **Secretaría Xeral para o Deporte** en colaboración coas agrupacións deportivas escolares e federacións deportivas galegas.

8.1 INSCRICIÓN

Contactar co organizador da actividade.

Para coñecer as opcións dispoñibles pódese consultar a lapela Inicio na aplicación de inscricións de Xogade.

9. XOGOS TRADICIONAIS E POPULARES

Os servizos de deportes, a través das Agrupacións Deportivas Escolares, cederán en préstamo materiais de xogos aos centros educativos. Trátase tanto do material físico do xogo como do material didáctico para a súa posta en práctica. Concretamente terán a disposición billardas, birlos celtas e claves.

9.1 CRITERIOS DE VALIDACIÓN

Os centros escolares que soliciten esta actividade serán atendidos baseándose nos seguintes criterios de validación:

Grao de participación no programa Xogade.

Posibilidades xeográficas de realización.

Reparto equitativo.

Non ter validada a mesma actividade en anos anteriores.

Orde de inscrición.

9.2 INSCRICIÓN

Na aplicación de Xogade <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>, cubrindo os datos requiridos para solicitar a actividade. Indicarase na solicitude as datas de preferencia para recibir o material pero estas poderán ser modificadas polo servizo de deportes na aceptación da mesma se fose necesario. Os centros escolares que obteñan a validación na web serán avisados por correo electrónico e recibirán por este medio as instrucións para a recollida/recepción do material e para a súa devolución.

10. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN

A través dos servizos de deportes e, en función das posibilidades deportivas de cada zona, faranse diferentes propostas de actividades encamiñadas a coñecer e promover diferentes disciplinas deportivas. As propostas e procedemento de inscrición será **xestionado polos servizos de deportes**. Será unha experiencia deportiva con todo o equipamento necesario e, sempre que sexa posible, nas instalacións específicas do deporte.

As modalidades variarán entre os distintos servizos de deportes. De partida cóntase con escalada, piragüismo-dragóns podendo ampliarse ao longo do curso por exemplo con deportes tradicionais e urbanos, entre outros.